

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 31/01/2020 13:02:52

SAIDA 1445/20

[REDACTED]

Reclamante [REDACTED] en representación de Asociación Sociocultural [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 171/2019 e 173/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vistas ás reclamacións presentadas por [REDACTED] en representación de Asociación Sociocultural [REDACTED], mediante escritos do 26 e 27 de novembro de 2019, 5 de novembro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación de Asociación Sociocultural [REDACTED] presentou, mediante escrito do 26 de novembro de 2019, que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 27 de novembro, e mediante escrito do 27 de novembro de 2019, que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 28 do mesmo mes, dúas reclamacións ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Ambas reclamacións teñen a súa orixe na solicitude presentada con data do 2 de xullo de 2019 pola Asociación, de acceso á información pública relacionada coa queima controlada na parcela [REDACTED], [REDACTED], [REDACTED]

Na primeira das reclamacións, que tivo entrada o día 27 de novembro e que corresponde co expediente RSCTG 171/19, a entidade reclamante afirma que aínda que se lles facilitou a información relacionada coa queima controlada, non se lles permitiu acceder a toda a información solicitada posto que falta a documentación relativa ao lume fortuíto que se produciu nas zonas mencionadas.

Na segunda reclamación, que tivo entrada o día 28 de novembro e que corresponde co expediente RSCTG 173/19, a entidade reclamante afirma que non recibiu resposta á súa petición.

Dada a identidade substancial entre ambas reclamacións, por acordo da Presidenta da Comisión da Transparencia do 8 de xaneiro de 2020, procedeuse á acumulación do expediente RSCTG 173/19 ao RSCTG 171/19.

O reclamante indicaba que a Consellería de Medio Rural non atendeu a súa solicitude de acceso á información.

Os escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, do DNI do representante e da acreditación da súa representación.

Segundo. Con data 3 de decembro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Consellería de Medio Rural para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 5 de decembro de 2019.

Terceiro. Con data do 23 de xaneiro de 2020 a Consellería de Medio Rural contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

A Consellería de Medio Rural informa que con data do 12 de novembro ditouse resolución concedendo acceso de información pública, e que ante a presentación do escrito do representante da Asociación ante a Comisión da Transparencia con data do día 28 do mesmo mes, no que se indica que non se lles permitiu acceder á información relativa ao lume fortuíto que se produciu nas zonas mencionadas, remite os datos, incluída a planimetría, do incendio que tivo lugar o [REDACTED].

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades

autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Medio Rural resolveu a solicitude de acceso á información con data do 12 de novembro de 2019, e a reclamación presentouse con data do 27 e 28 de novembro de 2019, polo que, de acordo co que establece o artigo 28 da Lei 1/2016, procede admitir a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O dereito de acceso á información é un dereito fundamental recoñecido a nivel internacional como tal, é un dereito esencial para promover a transparencia das institucións públicas e para fomentar a participación cidadá na toma de decisións. Ademais as Administracións Públicas fináncianse con fondos procedentes dos contribuíntes e a súa misión principal consiste en servir aos cidadáns polo que toda a información que xeran e posúen pertence á cidadanía.

O dereito dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a

resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública.

No presente caso, a Consellería de Medio Rural resolveu a solicitude de acceso proporcionando acceso a unha parte e da información, pero non á totalidade, e no momento de emisión do informe requirido pola Comisión da Transparencia sobre a reclamación presentada pola Asociación, remite o resto da información (referida ao lume fortuíto) á Comisión da Transparencia, sen que conste que a dita información fose remitida á Asociación reclamante.

Existindo por tanto o dereito da asociación reclamante ao acceso á información solicitada, procede estimar a reclamación presentada, debendo a Consellería de Medio Rural remitirille a información referida ao lume fortuíto que se produciu [REDACTED]

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] representación de Asociación Sociocultural [REDACTED] con data 28 de novembro de 2019, contra a Resolución do 12 de novembro de 2019, da Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural, pola que se estima a súa solicitude de acceso á información pública relacionada coa queima controlada na parcela [REDACTED]

Segundo: Instar a Consellería de Medio Rural, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Consellería de Medio Rural, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada ao reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020

76706870F MARIA	Firmado digitalmente por
DOLORES FERNANDEZ	76706870F MARIA DOLORES
(R: S6500009C)	FERNANDEZ (R: S6500009C)
	Fecha: 2020.01.30 17:25:16
	+01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.